

A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE VISITA EMPRESAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

As unidades móbiles da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) visitarán o martes 16 de xuño, dúas empresas da provincia de Pontevedra. Unha das unidades da ADOS estará estacionada dentro do recinto da empresa Lonza Biologics de O Porriño das 10:00 ás 14:30 horas. Esta é a sexta visita ata estas instalacións industriais desde o ano 2018, acadando 178 doazóns durante as campañas precedentes. Ademais, TyM Ganain S.L.U. acollerá outra das visitas previstas para este martes. Os traballadores e traballadoras poderán doar sangue entre as 10:00 e ás 15:00 horas.